



SOLICITUDE DE LICENZA DE ACTIVIDADE					LA-01	
<b>1. Datos da persoa solicitante ou representante:</b>						
Nome e apelidos/Razón social			NIF / DNI / NIE			
Nome e apelidos do/a representante			NIF / DNI / NIE			
Enderezo		Núm.		C.P. e localidade		
Tfno. de contacto		e-mail				
<b>2. Localización da edificación:</b>						
Localización			Núm.		C.P. e localidade	
Polígono		Parcela		Referencia catastral		
<b>3. Descrición das obras:</b>						
Descrición das obras:						
Actividade á que vai destinarse o local						
Superficie construída total					m <sup>2</sup>	
Orzamento					€	
Núm. de expediente da licenza de primeira ocupación da edificación						
Se non coñece o núm. de expediente: datos do promotor e ano de construción						
<b>4. Dirección facultativa:</b>						
Sí		Non		Técnico/a		

**DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesto e, en todo caso:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso.
- Que achego toda a documentación preceptiva.

**E AUTORIZO**, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración a que comprobe telematicamente, xunto con outras administracións públicas, os datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

Moaña,..... de .....de 20.....

Sinatura do/a solicitante: nome e DNI:.....

## ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE MOAÑA

**ADVÉRTESELLE DE QUE** consonte o disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, *a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.*



## DOCUMENTACIÓN QUE TEÑEN QUE ACHEGAR AS PERSOAS SOLICITANTES

### 1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1a.- Datos identificativos da persoa solicitante:

Persoas físicas:

- DNI (ou documento que faga as súas veces).
- As persoas que comparezan ou asinen en representación doutras, achegarán ademais un documento que acredite debidamente a dita representación (autorización expresa ou poder notarial).
- DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa representante e documentación acreditativa da representación.
- Escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

1b.- Fotocopia do documento que xustifique a posesión do local (escritura de propiedade ou contrato de arrendamento).

1c.- Reportaxe fotográfica da edificación (fachadas e interior do local no que se desenvolve a actividade).

1d.- Memoria técnica da actividade redactada por persoal técnico competente (1 copia) (2 copias en edificios catalogados).

1e.- Certificación expedida por persoal facultativo competente acreditativa de que o local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función disto e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido e que conta coas autorizacións e rexistro sectoriais.

1f.- Autorizacións sectoriais previas preceptivas.

1g.- Comunicación previa de inicio de actividade para inscrición no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios, (REGASA), presentada ante as autoridades competentes en materia de sanidade da provincia.

1h.- Autorización de funcionamento/renovación/modificación de centros, servizos e establecementos sanitarios.

**2.- Aos documentos anteriores, as persoas solicitantes deberán achegar o documento de autoliquidación da taxa correspondente.**